



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez.

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral.

Esther Bergantiños García.

Martín Gómez Vazquez.

Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez,

Hortensia Vázquez Gómez.

Secretaria:

Minia Astray Barca

Non asiste:

Emilio Mahía Neira

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE
SESIÓNS O LUNS DIA 17 DE FEBREIRO DE 2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo
as 10:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.
Alcalde, reúnen os concelleiros/as que no
marxe se indican co obxecto de celebrar sesión
ordinaria do Pleno da corporación. A
Continuación pasouse o estudo da orde do día,
adoptándose sobre os asuntos contidos na
mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na
Orde do Día :

**ÚNICO. Aprobación do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de
Créditos n.º 1/2025.**

DEBATE

Procede o Sr. Alcalde a indicar que vistas a relación de facturas de provedores diversos
que se recollen nos listados que se inclúe no Anexo I que xa foi emitido correspondentes á
prestacións realizadas no exercicio 2024 das que consta conformidade coas prestacións
facturadas. Procede, polo tanto, o recoñecemento das obrigas económicas correspondentes
neste exercicio orzamentario de 2025.



Indica o Sr. Alcalde que o expediente conta co Anexo comentado que foi remitido, o informe de Intervención, o informe xurídico, Memoria de Alcaldía e o acordo. O importe de este REC é de 299.364,40 € que serían incluídos no orzamento do ano 2025.

Toma a palabra o voceiro do BNG, o Sr. García, que expón que estamos diante dun proceso excepcional que a maioría das corporacións realízano para regularizar as facturas que non dan entrada a tempo, antes do peche da contabilidade, normalmente facturas do mes de decembro. Este procedemento excepcional no noso concello convértese en habitual e estamos a recoñecer facturas de xaneiro do ano 2024. Como é posible que teñamos toda electricidade sin pagar ou que debamos á empresas de axuda a domicilio todo o ano case 70.000 € incluíndo o mes de xaneiro de 2024. A normativa indica que precisamos ter crédito orzamentario con anterioridade a calquera compromiso de gasto insiste a normativa legal que un dos principios esenciais da xestión do gasto nas administracións públicas é a preceptiva a existencia de crédito orzamentario con anterioridade á realización de calquera gastos. Neste expediente recoñécense tres incumprimentos; obrigacións comprometidas sen crédito, gasto comprometido sen licitación de contrato cando era preceptivo en expediente administrativo e prestacións que tiñan cabida nun contrato menor pero que non seguiron a tramitación esixida e esta deficiencia non foi emendada.

Tal como se indica no informe de Secretaría o vicio observado pode marcarse fundamentalmente no art.37 LCSP no seu punto 1 di "As entidades do Sector Público non poderán contratar verbalmente a non ser que o contrato teña de acordo co art.120.1 un carácter de emerxencia". Queda claro que este artigo prohibe expresamente a contratación verbal e tamén o art.47.1 LPAC fala da nulidade de pleno dereito nos ditados que ignoren total e absolutamente o procedemento legalmente establecido ou as normas establecidas para a formación da vontade dos órganos colexiados.

Indica o Sr. García que por iso o BNG vai votar en contra, xa que, o que é excepcional neste concello convertese en normal e temos en ter en conta que a aprobación deste REC suporá unha diminución dos créditos dispoñibles para os gastos que se realicen no exercicio 2025.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que como comentou o outro día excepcional ou habitual pode levarse conxuntamente, tódolos concellos aproban o REC no primeiro Pleno do ano seguinte con cantidades importantes tanto nós nos anos que estivemos como vos nos anos que estabades gobernando. Non sei se chegaches a ver como aprobáchedes vós o REC?



Ao que o Sr. García responde que non. Responde o Sr. Alcalde que tamén foron cantidades importantes e indica que nós tamén pola circunstancia na que estamos temos que aprobar un REC e con cantidades importantes, indicando que non ten nada máis que engadir ao respecto.

Toma a palabra o Sr. García para indicar que o concello de Vilasantar cando o BNG deixou a alcaldía quedaba con superávit e en repetidas ocasións o Alcalde queixase que as empresas de axuda a domicilio non nos facilitan o persoal que precisamos e cremos que a razón é que non pagamos. Decía un empresario que lle reprochaba o prezo dos seus servizos que era certo que a súa empresa tiña prezos distintos uns para os que pagaban e outros para os que non pagaban e esa era a razón pola que cobraba de máis. Intervén o Sr. Alcalde para solicitar unha aclaración ao anteriormente exposto. Indica o Sr. García que se a unha empresa lle pides prezo vaiche poñer un en función de cando cobre, se tardas un ano en pagar vanche cobrar máis. Pregunta o Sr. García como imos saír da situación na que nos atopamos cun orzamento ao que lle temos que sacar os soldos, a seguridade social dos traballadores, a parte que temos que poñer para investimentos, a parte do SAF que contratamos con empresas externas e a maiores os gastos correntes. Que vai quedar para gastar no ano 2025? Responde o Sr. Alcalde que cando traian o orzamento falámolo e que hoxe se fala do REC.

Indica o Sr. García que cree que o grupo de goberno ten que reflexionar e tomar decisións, non podemos seguir cunha situación de ilegalidade, o concello non pode seguir así, todos e cada un dos concelleiros do PP son responsables desta situación. Tomen as medidas que teñan que tomar, póñase a traballar ou senón quedanos pouco como concello independente.

Indica o Sr. Alcalde que con referencia a pregunta retórica, por un lado, dis que hai que tomar medidas e por outro que hai que facer cousas, non poden ir moi aparelladas as dúas. Poden chegar a equilibrar pero é complicado dada a situación na que nos atopamos. De todas maneiras ese falarémolo nos orzamentos do 2025. Polo tanto, ti dis que hai que tomar medidas, nós xa estamos a tomar medidas e por outro lado dis que hai que facer e levar adiante actuacións. Criticas que levamos os cartos a gasto corrente pero despois dis que hai que tomar medidas para reconducir a situación. Responde o Sr. García que a cada paso temos maior débeda, como non tomemos algunha medida ... Ao que o Sr. Alcalde indica que por iso están comezando a tomalas e que a primeira é a aprobación dun orzamento para o ano 2025. Indica o Sr. García que van sendo horas de que aproben un orzamento.

VOTACIÓN



Votos a favor: 5 votos (PP)

Votos en contra: 3 votos (BNG)

Engade trala votación o Sr. Alcalde que o BNG aínda que non está de acordo con que haxa esa cantidade de diñeiro pendente o voso voto sería que se saíse para diante o voto en contra non se poderían pagar as facturas. Indica o Sr. García que o voto do BNG quere dicir que non se poden facer contratos verbais e quere dicir o mesmo que di a normativa, que non se está a cumprir a normativa para nada entón cumplan a normativa e votaremos a favor e que tamén nos demos conta que o PP acúsanos a nós de que non queremos gasto corrente e queremos inversións. Nós non somos responsables da ruína a que levastes a este concello, somos inocentes só fastidiaría que fósamos responsables e cando presentes un proxecto xa te diremos se o aceptamos ou non. Pero presenta un proxecto, mira que non levo falado que hai que facer un programa de aforro económico e ti sempre dis que se vai facer. Indica o Sr. Alcalde que o gasto que se está facendo é o mínimo dispensable para levar adiante o concello. Indica o Sr. García que o que sabe é que se debe un montón de diñeiro e non se ve en que se meteron.

ACORDO

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 1/2025, referido a prestacións levadas a cabo no exercicio 2024 non imputadas ao mesmo, correspondentes a gastos realizados sen contar co oportuno crédito orzamentario e omitindo o procedemento legal establecido, por un total de 299.364,40 € segundo relación de facturas do Anexo I.

SEGUNDO.- Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas documentadas nas facturas que se relacionan no Anexo a esta proposta, por un importe total de 299.364,40 € con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

TERCEIRO.- Que se proceda por parte da Intervención Xeral á súa contabilización nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

Levantase a sesión , sendo as 10:10 horas do que eu secretaria dou fe.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE